



Programa de saídas medioambientais, de sendeirismo e lecer cultural 2026

TIPO DE VISITAS OFERTADAS

As saídas programadas son **gratuitas** e serán de 3 tipos segundo as seguintes características:

Tipo 1: Medioambientais:

- Son visitas temáticas para o coñecemento e divulgación medioambiental, centradas no estudo da contorna e dos seus recursos naturais. Guiados por expertos en botánica, ornitoxía, etc.
- 20 prazas por saída

Tipo 2: Sendeirismo:

- Roteiros guiadas por expertos en interpretación do patrimonio natural e cultural para coñecer diferentes recunchos de Galicia á vez que se promove a actividade física e deportiva.
- 50 prazas por saída

Tipo 3: Lecer cultural:

- Visitas a poboacións e lugares de interese turístico e cultural de Galicia nas que se levará un acompañante durante toda a viaxe.
- Duran todo o día, a comida corre por parte do participante na poboación que se visite.
- 50 prazas por saída

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán ser participantes todas aquelas persoas a partir de 12 anos (no caso de menores deben ir acompañados dun adulto responsable), a excepción daquelas visitas que pola súa complexidade técnica ou especificidade sexan destinadas a un público concreto.

Terán preferencia no acceso á praza as persoas empadroadas en Sada.

PROCEDIMIENTO, PRAZOS DE SOLICITUDE E ADXUDICACIÓN

A solicitude pode ser individual ou por dúas persoas como máximo, de forma que en caso de sorteo terían o mesmo número.

A solicitude pode realizarse:

- Online: formulario na web municipal **www.sada.gal**
- Presencial: aquelas persoas que teñan dificultades para poder realizar a xestión online, poderán acudir á Oficina da Xuventude onde serán asistidas neste trámite

Cada saída terá un prazo de solicitude diferente que será especificado previamente na publicidade da web municipal

Adxudicación de prazas:

- Directa: en caso de que haxa menos solicitudes que prazas dispoñibles.
- Sorteo: en caso de que haxa máis solicitudes que prazas dispoñibles, tendo en conta que terán preferencia as persoas empadroadas en Sada.
- A listaxe de persoas con praza adxudicada e listaxe de agarda se fose o caso, será publicado na web municipal como mínimo, 3 días antes da saída.

Se algunha saída ten prazas dispoñibles unha vez rematado o prazo de solicitude poderá seguir incorporando participantes até cubrir as vacantes.

Para que a saída se realice deberá haber alomenos un 50% de solicitudes en relación ás prazas ofertadas. En caso contrario, a organización resérvase o dereito de cancelala.

PARTICIPACIÓN RESPONSABLE

En caso de que as persoas con praza adxudicada non poidan acudir á saída, deberán comunicalo á Oficina da Xuventude cun mínimo de antelación de 48h, para facilitar a incorporación doutras persoas da listaxe de agarda.

O feito de non acudir á saída e non comunicalo implica penalización, sendo incluída esta persoa de forma directa na listaxe de agarda da seguinte solicitude que realice.

Co obxectivo de garantir unha experiencia segura, respectuosa e enriquecedora para todas as persoas participantes, así como a protección do medio natural e cultural, establécense as seguintes normas de participación, as cales enténdense que son asumidas co só feito de inscribirse:

- Cumplir as normas establecidas por parte da organización e as puntuais que sexan especificadas por parte dos guías ou acompañantes responsables da visita.

- Non se permitirá recoller plantas, animais, elementos naturais nin retirar ou danar elementos do patrimonio cultural, histórico ou etnográfico.
- Está prohibido deixar lixo; cada persoa deberá levar consigo os seus residuos ata os puntos habilitados.
- Evitarase calquera actuación que poida deteriorar o entorno natural, bens culturais ou espazos visitados.
- Manterase unha actitude respectuosa co grupo, co persoal que guía e cos espazos naturais e culturais.
- Non se permitirá ningún comportamento que poida poñer en risco a seguridade propia ou allea.
- Os participantes teñen a obriga de informar sobre o seu estado físico ou eivas que lles dificulten a realización da actividade ou empeorar as condicións dalgunha doenza que padezan. Así mesmo, comprométese a non estar baixo os efectos do alcohol, drogas e/ou estupefacientes.
- Durante a actividade respectaranse en todo momento as indicacións dos guías en materia de seguridade e prevención de riscos.
- As persoas menores deberán ir acompañadas dunha persoa adulta responsable, a cal será responsable do comportamento e da seguridade do menor.
- A presenza de mascotas só estará permitida cando así o indique expresamente a saída programada e deberán ir sempre baixo control, respectando a normativa vixente e o entorno.

A organización resérvase o dereito de admisión daquelas persoas que non acepten ou incumplan a normativa, provocando altercados que poidan incidir negativamente no desenvolvemento da actividade e na convivencia co resto do grupo.

A organización non se fai responsable dos danos derivados do incumprimento das normas descritas.

As actividades están suxeitas ás condicións do medio, co cal poden sufrir cambios antes ou incluso durante as mesmas por causas sobrevidas (meteoroloxía, incidencias, etc)